

ENFIANDO

MEMORIAS FURTADAS



Texto

Henrique Dacosta
Escritor

Foto Jorge Meis

O ano de 2006 xa se vai pouquiño a pouco diluíndo, e con el, xa que logo, todas as actividades relativas ao Ano da Memoria. Desexamos anticipar con isto, e dado o título do artigo de hoxe, que non é o noso propósito querer sacar proveito do seu tirón para tentar introducir calquera aspecto que veña a contemplar algún episodio ou suceso acaecido durante a Guerra Civil. Non. Perdan coidado, pois que a natureza do noso relato pertence, e aínda que ao campo da memoria tamén, a outra memoria ben distinta. Memorias furtadas, si, mais furtadas de xeito voluntario unhas, de involuntario xeito outras (por unha lasa intervención até caer na abulia).

A nosa identidade —con nación ou sen nación, conforme o parecer de cada un— camiña por terreo inseguro, e isto é unha obviedade tan firme como a propia base da nosa mesma existencia como pobo singular e diferenciado, que o somos. Termos como nación ou patria —esta última vista por nós co maior dos receos— non deixan de ser máis que conceptos de natureza puramente filosófica e, como tal, susceptibles de interpretación e debate. O miolo da cuestión, sen dúbida ningunha, arranca coa falacia do binomio nación-estado nacido á calor da Revolución Francesa, do cal, e aínda no momento actual, hai moitos que non se saben ou non se queren desprender, de aí o mar revolto de confusión en que nos vemos envurullados.

Deixaremos, por tanto, o tal debate para os políticos, e centraremos naquilo que máis intimamente nos preocupa. Porque, se certo é que no terreo da simboloxía —a que aquí se cuestiona a partir da

propia terminoloxía de nación e canto ao seu redor entraña— son moitos os elementos que entran na dinámica do xogo, non é menos certo que existen outra sorte de xestos igualmente importantes que fan parte desta roda e están a condicionar o noso ser. E explicáremonos pois.

Os tímidos pasos dados con respecto á revisión do Estatuto de Autonomía, lembéramonos mesmo dos últimos apuntamentos anotados, a saber, o relativo ao cambio de hora e ás bondades da dieta atlántica, son parte crucial que avalan a defensa e afianzamento da nosa singularidade. Mais imos nós a aqueles outros pasos. Outros que, por máis calados, abandonados pola abulia —pois que non queremos pensar que exista unha intencionalidade perfectamente orquestrada— veñen a desmoronar o edificio identitario que, xulgamos, tanto nos singulariza. A Coviña. “O goberno central a través da Dirección General de Costas, tén previsto executar no presente ano unha serie de actuacións enmarcadas no que denominan política de cos-

tas [...] neste apartado encóntranse intervencións como [...] en A Coviña, Vilar e Esmelle na parroquia de Covas.” Na páxina web do Club Ciclista de Ferrol-BTT Ferrolterra, encontramos, así mesmo, un itinerario que contempla a pasaxe pola praia da Coviña.

Contrariamente ao que cabería esperar, e conforme ao aval da lexislación en materia de toponimia con que contamos, son erróneos, en moitos dos casos, os pasos dados a este respecto. Seriedade, pouca e, seguimento, escaso ou nulo canto á súa fixación. A Coviña, que nós saibamos, e non temos dúbida de que coñecemos bastante axeitadamente a toponimia da parroquia de Covas, non existe. Si existe A Cova, unha rada ou cala no cabo do Priero, pero nunca unha praia como cabe notar do que se desprende de ambas e erradas informacións, alén de entender que caen por sitio ben distinto. Non obstante, non é a segunda vez que o vemos, senón que noutras ocasións máis témolo lido en diferentes xornais. E, a pesar de todo, entendemos que a toponimia se trate de materia fráxil. Co paso das xeracións e a falta de seguridade por non fixar convenientemente estes nomes de lugar pódense producir os devanditos erros. A transmisión de pais a fillos vaixe esquecendo. O mundo vai mudando de maneira que a comunicación interxeracional, a brecha que aquí se abre, é a cada pouco maior. As novas tecnoloxías avanzan, xa non no día a día, senón hora a hora mesmo, provocando que a falta de entendemento entre os máis vellos e os máis novos sexa cada vez máis desproporcionada. Con todo, freemos un pouco, pois non vaia a ser que por culpa do bosque non poidamos ver as árbores. Terán que existir, cremos nós, puntos de interconexión en que nos poidamos encontrar. Á fin e ao cabo por debaixo da codia, da vestimenta, prevalece sempre a persoa, o ser humano, logo existirán unha serie de intereses que en todo momento serán inherentes ao individuo.

Asistiamos alá atrás, na primeira quincena de novembro, ao I Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino. E asistiamos coa nobre intención de tirar ideas, de encontrar ferramentas, recursos que nos puidesen servir con xeito para aplicar no noso centro de ensino. Craso erro, pois que, e como habitualmente acontece nestes casos, o teórico impera sobre o práctico e, por extensión, non foi demasiado o que chegamos a tirar en limpo. Non existen receitas máxicas, claro está, pero un aínda é tan iluso que é capaz de crer que si poden existir. A vontade, a entrega, a procura do carácter lúdico, o don de xentes, a capacidade de teatralización de cada un son elementos fulcrais que supostamente servirán, caso de nos querer implicar, no proceso normalizador. Conclusión,

e en definitiva, unha loucura. Os actores aquí —e evidentemente non nos estamos a referir tan só aos profesores que participan deste “teatro”— han de ser múltiples. Os actores teñen que ser normas e leis que interveñan desde fóra e desde dentro do mundo escolar. Os actores teñen que ser as familias. Os actores teñen que ser os distintos colectivos sociais. O grande actor ten que ser a propia sociedade, e as institucións, que, alén diso, deben de dar exemplo.

Gostariamos, iso si, de poder gozar da forza de comunicación de que goza o Xosé L. Vilar Pedreira, un dos participantes de dito seminario. Director da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Miñoranos, falounos da súa experiencia no traballo coa toponimia mariña nun colexio de Nigrán. De profesión, froiteiro. A vehemencia posta no momento en que nos falou do seu proxecto, valeunos máis que todas as restantes charlas das cinco xornadas anteriores. Como unha verdadeira enciclopedia do saber foi debullando aspectos interesantísimos a respecto de prehistoria, historia, socioloxía, toponimia, antropoloxía... Con el, caso de o podermos clonizar, teriamos gañada a guerra da normalización. E até conseguiriamos, de el o propor, facer un campionato de billarda e elevar dito xogo, e sen moito esforzo, a categoría de xogo nacional por excelencia. Pena que, e como sempre neste noso país, todo teña que ser levado a cabo grazas á vontade de individuos soltos, illas que son un verdadeiro referente, mais insuficiente canto ao carácter social e común que debe perseguir todo proceso normalizador.

A memoria furtada, a desmemoria, a amnesia colectiva que ameaza con gañar terreo, léase no caso da toponimia, dos xogos populares ou de calquera outro dos terreos, entraña o perigo de erosionar as bases da nosa fráxil condición identitaria. Á fin e ao cabo, e tal e como deixabamos dito no noso anterior artigo, todo vén derivar, como claramente se sabe, no inmenso complexo de inferioridade que nos empeñamos en atesourar. Pouco que facer, pois, de non quebrarmos esa inmensa barreira mental que nos obstaculiza.



“Contrariamente ao que cabería esperar, son erróneos, en moitos casos, os pasos dados a respecto da normalización lingüística”